

PROGRAMA DO CURSO PREPARACIÓN DO EXAME DO CELGA 2

Unidade 1: Hai que comezar

Nesta unidade imos aprender a dicir como somos fisicamente e a falar de hábitos en presente.

Para iso, aprenderemos:

- > a falar de hábitos en presente e a localizar unha acción no tempo
- > a falar do inicio e da duración dunha acción
- > o artigo determinado: presenza / ausencia na oración e as contraccións coas preposicións e coa partícula comparativa ca
- > as oracións afirmativas e negativas
- > algunhas perífrases: poder + infinitivo (hipótese), deber (de) + infinitivo (obriga ou probabilidade), haber (de) + infinitivo (hipótese), haber (P3) que + infinitivo (obriga), ter + participio (valor reiterativo), andar + xerundio (acción prolongada), ir + xerundio (acción prolongada), estar a/para + inf. (inminencia), poñerse a + inf.
- > o recoñecemento e a pronuncia do sistema fonolóxico completo
- > o léxico do aspecto físico e as partes do corpo

Unidade 2: Momentos especiais

Nesta unidade imos falar de recordos importantes.

Para iso, imos aprender:

- > a concordancia dos elementos oracionais e a relatar experiencias pasadas: o pretérito e o copretérito
- > a coordinar oracións e as conxuncións coordinantes máis habituais
- > o uso dos pronomes relativos (con e sen preposición) e as oracións adxectivas ou de relativo
- > as rexencias preposicionais de verbos e adxectivos máis frecuentes
- > o xénero das palabras e a formación do feminino
- > os signos de puntuación
- > léxico do carácter, os sentimentos e os estados de ánimo

Unidade 3: Busque e compare

Nesta unidade imos deseñar e presentar unha campaña publicitaria.

Para iso, imos aprender:

- > a recomendar, a aconsellar e a dar instrucións
- > a describir unha escena en pasado e en presente
- > os pronomes persoais tónicos
- > o uso dos pronomes reflexivos, de OD e OI
- > as conxuncións subordinantes máis habituais e a construción de oracións subordinadas con subxuntivo e infinitivo
- > os numerais cardinais e os ordinais
- > léxico sobre establecementos, produtos e servizos

Unidade 4: Mañá

Nesta unidade imos imaxinar como seremos dentro duns anos.

Para iso, imos aprender:

- > a falar de accións e situacións futuras e a expresar condicións: se + presente / futuro de indicativo
- > as formas e algúns usos do futuro de indicativo; os marcadores temporais de futuro
- > algúns recursos para formular hipóteses: seguramente/probablemente/posiblemente/seguro que/supoño que + futuro
- > os usos e valores dos demostrativos, os posesivos e os indefinidos
- > o acento de intensidade, as regras básicas de acentuación e a acentuación diacrítica
- > a formación do plural
- > o léxico sobre os estados de saúde, as enfermidades e os accidentes

Unidade 5: Iso non se fai

Nesta unidade imos establecer as normas da nosa clase.

Para iso, imos aprender:

- > a expresar prohibición, a expresar obrigatoriedade e a expresar impersonalidade
- > a forma e algúns usos do imperativo; imperativo afirmativo e negativo
- > a falar de hábitos: é normal/habitual/raro + infinitivo; adoitar + infinitivo
- > algúns cuantificadores: todo o mundo/a maioría (de...)/moitos/algúns...
- > a falar de causas e consecuencias: como, porque, así que
- > os usos de se: impersonalidade e involuntariedade
- > o léxico sobre a aprendizaxe de linguas e expresións para desculparse, aconsellar...

Unidade 6: Mensaxes

Nesta unidade imos transmitir mensaxes e desenvolver estratexias de comunicación.

Para iso, imos aprender:

- > a desenvolvernos por teléfono: responder, preguntar por alguén, identificar a persoa que chama, a transmitir mensaxes doutros...
- > a construción do estilo indirecto
- > os pronomes interrogativos directos e indirectos
- > algunhas estratexias de comunicación: cando non entendemos algo, cando non sabemos se nos entenderon...
- > as oracións finais
- > a posición e gradación do adxectivo; a comparación
- > o léxico sobre obxectos de uso cotián e tecnoloxía

Unidade 7: Vai e dille...

Nesta unidade imos contar chistes e escribir o resumo dunha película.

Para iso, imos aprender:

- > a relatar en presente, a resumir un argumento, a contar chistes e anécdotas; recursos para mostrar interese ao escoitar un relato

- > algúns conectores para relatar
- > a formación, os usos e os valores do antepretérito dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes
- > a narrar acontecementos pasados: antepretérito, pretérito e copretérito
- > a forma e os usos dos pronomes de complemento directo e indirecto: posición, concorrencia de varias formas, o pleonasma de OI
- > algúns adverbios e locucións adverbiais
- > o léxico sobre xeografía e medio natural; léxico sobre lugares e actividades de lecer

Unidade 8: Basta xa!

Nesta unidade imos redactar un manifesto a favor da igualdade entre mulleres e homes.

Para iso, imos aprender:

- > a formación, os usos e os valores do presente de subxuntivo e o pospretérito dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes
- > a expresar desexos, reclamacións e necesidades; a valorar situacións e feitos: **paréceme moi ben/mal... que** + presente de subxuntivo, **querer/pedir/esixir/necesitar** + infinitivo, **querer/pedir/esixir/necesitar que** + presente de subxuntivo, **que** + presente de subxuntivo
- > a propoñer solucións: deberían/deberíase/habería que
- > a estrutura **cando** + subxuntivo
- > as oracións finais
- > a voz pasiva
- > o léxico relacionado co mundo laboral